

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Doblaxe				
Materia	Doblaxe			
Código	V01M079V01104			
Titulación	Máster Universitario en Tradución Multimedia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Lorenzo García, María Lourdes			
Profesorado	Fernández Martínez, Juan Hugo García Chao, María José Lorenzo García, María Lourdes			
Correo-e	llorenzo@uvigo.es			
Web	http://multitrad.webs.uvigo.es			
Descrición xeral	Nesta materia o alumno aprenderá as bases teórico-metodolóxicas da tradución para a dobraxe e será capaz de analizar criticamente ditas traducións. Ao mesmo tempo será capaz de realizar traducións de calidade nesta modalidade de trasvasamento audiovisual.			

Competencias	
Código	
B1	1. Recoñecer os modelos teóricos máis apropiados no campo da tradución multimedia.
B4	4. Identificar os contextos culturais implicados, normas e estándares.
B7	7. Xestionar, elaborar e revisar proxectos de tradución multimedia.
B11	11. Aplicar os coñecementos adquiridos e ter capacidade de resolución de problemas.
B12	12. Defender o seu traballo de tradución ante públicos especializados e non especializados.
C3	3. Coñecer en profundidade as institucións, normas e estándares.
C5	5. Coñecer en profundidade os procedementos e técnicas de transvasamento adecuados dos diferentes produtos multimedia e saber xustificar as decisións tomadas.
C49	49. Coñecer en profundidade a historia e evolución da dobraxe.
C50	50. Coñecer en profundidade as etapas do proceso de dobraxe.
C51	51. Coñecer en profundidade as condicións laborais, convencións de dobraxe e o discurso da dobraxe e aprender a manexar software de dobraxe.
C52	52. Coñecer en profundidade os principais problemas de tradución para a dobraxe (xerais e específicos) e adquirir práctica no proceso de dobraxe.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
O alumno aprenderá as bases teóricas específicas desta modalidade de transvasamento audiovisual: definición, historia, fases, convencións, códigos de significación e modelos de análise.	B1 B4 C5 C49 C50 C51 C52

Tamén saberá analizar os distintos problemas de transvasamento da modalidade (xerais e específicos) e aplicar as estratexias para solucionalos máis axeitadas en cada caso.	B1 B4 B12 C3 C5 C52
O alumno será capaz de realizar traducións para dobraxe de calidade.	B7 B11 B12 C5 C52
O alumno adquirirá as ferramentas metodolóxicas e analíticas necesarias para ser críticos coas traducións desta modalidade.	B12 C51 C52

Contidos	
Tema	
1. Introdución á tradución para dobraxe	1.1. Definición 1.2. Historia 1.3. Fases 1.4. A profesión
2. Tipos de traducións para dobraxe e tarefas relacionadas	2.1. Tradución borrador 2.2. Tradución axustada 2.3. Tradución de sinopses (de películas ou capítulos de series) 2.4. Procura de terminoloxía específica de series (coherencia terminolóxica do produto)
3. Códigos de significación do texto audiovisual	3.1. Códigos da canle visual. 3.2. Códigos da canle auditiva.
4. Problemas de tradución e estratexias de resolución.	4.1. Problemas compartidos con outras modalidades. 4.2. Problemas específicos de TAV 4.3. Estratexias de tradución
5. Traballo de curso	5.1. Tradución borrador (nivel inicial) 5.2. Tradución axustada (nivel avanzado) 5.3. Análise crítica (nivel avanzado)

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo previo	0	34	34
Foros de discusión	12	0	12
Seminario	12	0	12
Actividades introdutorias	4	0	4
Saídas de estudo	10	0	10
Estudo de casos	8	48	56
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Traballo	0	20	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Estudo previo	O alumno disporá, na plataforma do posgrao, dunha guía cos principais contidos da materia desenvoltos, así como dunha bibliografía básica de lectura obrigatoria, que debe asimilar co gallo de poder realizar con éxito os exercicios prácticos.
Foros de discusión	Nos foros de discusión poranse en común e discutiranse as solucións dadas ás prácticas autónomas.
Seminario	As titorías grupais (ou individuais, dependendo de se as entregas obrigatorias da materia se fan individualmente ou en grupo) usaranse para solucionar dudas relativas ás encomendas a través das que se avalía a materia e para revisar as mesmas unha vez entregados.
Actividades introdutorias	A primeira sesión da materia será presencial (malia que tamén se gardará e colgará na plataforma do posgrao) e dedicarase a explicar polo miúdo os obxectivos que se pretenden acadar, o temario, a forma na que se desenvolverá a docencia e os procedementos de avaliación.
Saídas de estudo	Realizarase a visita a un estudio de dobraxe galego.
Estudo de casos	O alumno disporá dun elevado número de estudos de caso (dobraxes existentes) que lle permitirán desenvolver o seu espírito crítico e xustificar as distintas posturas de tradución que pode adoptar ante as distintas dobraxes.

Atención personalizada

Probas	Descrición
Traballo	A profesora atenderá dúbidas en horario de titorías (presenciais) e tamén por correo electrónico ou por skype (neste último caso, cando o alumno así o solicite).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Estudo de casos	O alumno realizará varios exercicios que conteñen estudos de caso. Terá que avalialos criticamente e dar opcións alternativas de tradución, se o considera oportuno.	20	B1 B4 B11 B12	C3 C5 C52
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumno realizará unha proba na que terá que dar conta da súa capacidade para analizar polo miúdo varios estudos de caso. Nesta proba cómpre que demostre o dominio teórico-metodolóxico da materia.	30	B4 B11	C3 C5 C49 C50 C51 C52
Traballo	O alumno realizará un traballo de curso. No caso de alumnado de nivel inicial consistirá nunha tradución-borrador. No caso de alumnado de nivel avanzado poderá escoller entre (a) unha tradución axustada e (b) unha análise crítica dunha tradución existente.	50	B1 B4 B7 B11	C3 C5 C52

Outros comentarios sobre a Avaliación

**** PODERANSE DESCONTAR ATA 2 PUNTOS POR FALTA DE ORTOGRAFÍA EN CALQUERA DAS PROBAS DE AVALIACIÓN ESPECIFICADAS ARRIBA**

CRONOGRAMA DA MATERIA (pode sufrir pequenas modificacións por temas de calendario e axuste da visita ao estudio de dobraxe)

- Xornada de presentación da materia (PRESENCIAL e a través de UVigo-TV): obxectivos, temporalización, avaliación

- Semanas 1/2: lecturas e participación do alumnado no foro de lecturas (1ª tarefa avaliable) (Coord.: Lourdes Lorenzo)

- Semanas 3/4: linguaxe cinematográfica (Prof. Hugo Fernández) e participación do alumnado no foro correspondente

- Semana 5/6: exercicios e estudos de caso en foro (dobraxe1/2: nivel inicial; dobraxe 4/5: nivel avanzado) (2ª tarefa avaliable) (Coord.: Lourdes Lorenzo)

- Semana 7 (PRESENCIAL): visita a empresa de dobraxe de Galicia

- Semanas 8/9: exercicios e estudos de caso de entrega individual (dobraxe 3: nivel inicial; dobraxe 6: nivel avanzado) (3ª tarefa avaliable) (Coord.: Lourdes Lorenzo)

- Semana 10: axuste (Prof. María José García Chao) e participación do alumnado no foro correspondente

- Semana 11: elección e preparación do traballo de curso, que será a 4ª tarefa avaliable (tutela continuada por parte da coordinadora)

- Semana 12: repaso e dúbidas da materia, con vistas ao exame final (5ª tarefa avaliable)

Segunda edición de actas (xullo) e posteriores convocatorias:

O alumno poderá optar por UN dos dous sistemas de avaliación contemplados na primeira edición de actas, que recibirán un 100% da cualificación:

(a) Traballo tutelado: pode ser o mesmo suspenso previamente reformulado ou un novo
(b) Exame teórico-práctico: (2ª edición de actas) colgarase en faitic nunha data acordada previamente co alumnado.

EN TODO CASO O ALUMNO HA DE COMUNICAR CON PRUDENTE ANTELACIÓN QUE SISTEMA DE AVALIACIÓN SEGUIRÁ.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Agost, Rosa, **Traducción y doblaje: palabras, voces e imágenes**, 1999,

Ávila, Alejandro, **El doblaje**, 1997,

Chaume, Frederic, **Cine y traducción**, 2004,

Ranzato, Irene, **Translating Culture Specific References on Television: The Case of Dubbing**, 2016

Bibliografía Complementaria

Ballester, Ana, **Traducción y nacionalismo: la recepción del cine americano en España a través del doblaje (1928-1948),**, 2001,

Baños Piñero, R. & J. Díaz Cintas, **Audiovisual Translation in a Global Context: Mapping an Ever-changing Landscape**, 2015

Bosseaux, Charlotte, **Dubbing, Film and Performance: Uncanny Encounters**, 2015

Cornell, Julian, **No Place Like Home. Circumscribing Fantasy in Children´s Films, en Beeler, Karin & Beeler, Stan (eds.). Children´s Films in the Digital Age**, 2015

Couto Lorenzo, Xerardo, **Arredor da dobraxe: algunhas cuestións básicas**, 2009,

Chaves, María José, **La traducción cinematográfica. El doblaje.**, 2000,

Duro, Miguel, **La traducción para el doblaje y la subtitulación**, 2001,

Jankowska, Anna & Agnieszka Szarkowska (eds), **New Points of View on Audiovisual Translation and Media Accessibility**, 2015

López Dobao, X.A., **Dez teses para interpretar a dobraxe em Galícia, Trabe de Ouro, 59, 377-390**, 2004,

Lorenzo, Lourdes & Ana Pereira, **Traducción subordinada (I): el doblaje**, 2000,

Martí Ferriol, José Luis, **Cine independiente y traducción**, 2010,

Montero, Xoan, **Tradución para a dobraxe en Galicia, País Vasco e Cataluña. Experiencias investigadoras e profesionais**, 2010,

Mubenga, K. Somwe, **Film Discourse and Pragmatics in Screen Translation**, 2015

Rica Peromingo, Juan Pedro, **Aspectos lingüísticos y técnicos de la traducción audiovisual (TAV)**, 2016

Sanderson, J.D., **Traductores para todo. Actas de las III Jornadas de doblaje y subtitulación**, 2002,

Sanderson, J.D., **¡Doble o nada! Actas de las I y II Jornadas del doblaje y subtitulación.**, 2001,

Whitman, Candace, **Through the Dubbing Glass**, 1992,

Se facilitará en clase más bibliografía,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Aspectos Interculturais da Tradución Multimedia/V01M079V01102

Novas Tecnoloxías e Tradución Multimedia/V01M079V01101

Recursos Documentais para a Tradución Multimedia/V01M079V01103

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Dado o carácter semipresencial do Mestrado Universitario en Tradución Multimedia e que nel se vén impartindo docencia online síncrona e asíncrona dende os seus comezos, non é necesario facer ningún cambio na guía docente. No suposto de que non se poidan desenvolver con normalidade as sesións de docencia presencial previstas para a semana 09-13/11/2020, manteranse as metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa salvidade de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Faitic). Estas sesións presenciais, coma sempre, gravaranse e poñeranse a disposición de todos aqueles alumnos que non poidan acceder a elas de xeito síncrono.